

ACTA DA SESION DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 15 DE FEBREIRO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día quince de Febreiro de mil novecentos noventa e tres; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó exame e estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 8 de Febreiro corrente.

2.- OBRAS.-

Visto o escrito de Dona María Antonia Ruíz Alvarez, veciña de Cangas de Morrazo, con domicilio na rúa Avda. de Ourense, 59, 2º, sobre a obra de rehabilitación integral do seu inmovible sito nesta Vila de Ribadavia, na rúa Merelles Caula, nº 8, a Comisión de Goberno acorda pór no coñecemento da interesada o contido do informe da Comisión de Patrimonio de Ourense, que di o seguinte: "Informar desfavorablemente o proxecto. Deberá correxilo adaptándoo ós criterios establecidos polo PERI, tales como: o volume non superará o da situación orixinaria; a cuberta terá unha pendente de 20 ou 30 graos, cunha altura máxima de cumio de 3,50 metros, quedando expresamente prohibidas as azoteas e trocos de pendentes; permítese o aproveitamento baixo cuberta, ventilando e iluminando con xanelas en cuberta; autorízase a agregación que ten a propiedade, xa que non hai posibilidade de mantelas diferenciadas; deberá garda-las recomendacións estéticas en canto a medianeiras, cubertas, carpintería, canalóns e demais; o tratamento e composición da alzada traseira será semellante ó da principal; a concesión de licencia que se poida outorgar no seu día queda condicionada á previa

realización de catas de sondaxe por se puidesen aparecer vestixios arqueolóxicos de interese".- Contra este informe a interesada pode interpor recurso de alzada perante o Excmo. Sr. Conselleiro de Cultura e Xuventude, no prazo de quince días a partir do seguinte á recepción desta Resolución.- Aproveítase esta oportunidade para requirir á interesada co fin de que paralice toda clase de actuacións no inmovible de referencia que teñan que ver co proxecto presentado, que foi obxecto de informe desfavorable pola Comisión de Patrimonio, baixo os apercibimentos legais.- Contra esta decisión do Concello pode interpo-los recursos propios da Administración Local que constan na correspondente notificación deste acordo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES ADMINISTRADOS.-

A Comisión de Goberno concede a correspondente autorización a Don Fidel Davila Sánchez, veciño desta Vila, con domicilio na Praza de San Xoán, para que instale a acometida de auga da rede municipal no seu inmovible sito na Travesía Ribeiro, 1º A, para usos domésticos; a acometida realizarase baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servicio Municipal. O interesado fará aboamento na Tesourería Municipal da cantidade de 7.000 pesetas, importe da taxa por esta licenza, sen o cal requisito ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito do Colexio Público Dr. López Suárez, de Friol (Lugo), no que interesa a remisión dun vídeo da última edición da Festa da Istoría, a Comisión de Goberno acorda que pola Coordinadora deste evento se faciliten os medios propagandísticos ó Colexio Público de referencia.

Visto o escrito de Don José Martínez Sánchez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Progreso, nº 17, 1º, no que prega un aprazamento para o aboamento da taxa co gallo da ocupación de vía pública, con vala, segundo a liquidación aprobada por esta Comisión na súa sesión do 23 de Decembro de 1992 a Comisión de Goberno acorda comunicar ó interesado que non se pode acceder ó aprazamento interesado, tendo en conta que as liquidacións correspondentes foron notificadas o 7 de Xaneiro, e pasou con moito o tempo para face-lo aboamento das mesmas.

Visto o escrito de Unión Fenosa, con domicilio na rúa Sáenz Díez, 95, Ourense, que fai referencia á presentación dun aval por importe de 1.200.000 pesetas co gallo dunhas obras de canalización segundo a correspondente licenza municipal, a Comisión de Goberno, por unanimidade, coida que a esixencia do

aval vén determinada por preceptos legais para tódolos administrados, polo que non se pode facer excepcións; en todo caso o aval non debe supor quebranto de ningún xeito para unha entidade tan importante coma Unión Fenosa, ben entendido que a duración das obras é moi cativa e polo tanto a devolución do aval tamén é inmediata; tamén a Comisión de Goberno desexa pór de manifesto que non é de recibo o que se di no escrito de Unión Fenosa sobre a débeda deste Concello; daquela, esta Entidade Local está a cumpri-lo aboamento desta débeda dentro duns calendarios aceptables para ámbalas dúas partes. (Neste acordo non intervén Don Xosé Prieto Pérez, pola súa condición de empregado de Unión Fenosa).-

Visto o escrito do Sr. Presidente da Asemblea Local da Cruz Vermella que interesa que se lle facilite o uso do local nº 4 do actual Conservatorio de Música.- A Comisión de Goberno, por unanimidade, autoriza á Asemblea Local da Cruz Vermella a que utilice o local de referencia coa condición de que sexa destinado exclusivamente para oficinas, e mesmo para que unicamente teñan acceso as persoas técnicas e administrativas da Cruz Vermella.

Visto o escrito de Dona Rosalía Gallego Blanco, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Muñoz Calero, nº 39, 2º, que prega a correspondente autorización para a colocación dunha lápida conmemorativa na sepultura terrea do Cemiterio Municipal, situada no terceiro socalco, á dereita, na que se atopan os restos mortais do seu home, a Comisión de Goberno, accede ó solicitado, se ben esta autorización non supón a prol da interesada recoñecemento da propiedade da devandita sepultura.

A Comisión de Goberno queda enterada do contido dun escrito da Comunidade de Veciños da Franqueirán, sobre obras no devandito lugar, e acorda dirixi-la correspondente comunicación ó Iltmo. Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial para que, de acordo coa conversa mantida hai uns días co mesmo, dea as ordes oportunas para que se proceda ó arranxo da estrada provincial que une Ribadavia e Carballeda de Avia; e tamén que se leven a cabo arranxos na estrada provincial de Ribadavia a Arnoia, que cruza a ponte sobre o río Miño.

Visto o escrito de Don Luís Domínguez Vázquez, veciño de San Andrés, que fai referencia a un tema de cotizacións de carácter social, tendo en conta a súa condición de funcionario deste Concello procedente de Destinos Civís, dende o 29-10-76 ó 31-1-80, a Comisión de Goberno, tendo en conta os informes técnicos que se achan no expediente, acorda comunicar ó interesado que a

este persoal lle correspondía con carácter voluntario o tipo de afiliación na Mutualidade Nacional de Previsión da Administración Local, voluntariedade que abrangía tanto ó propio funcionario como á Corporación; é dicir, era requisito indispensable a concurrencia de ámbalas dúas vontades; obviamente, se esta afiliación voluntaria non se produciu, a Mutualidade non pode agora derivar ningún efecto nin para a Corporación nin para o funcionario, coma se se tratase dunha afiliación forzosa, onde si cabería derivar responsabilidades por falla de afiliación e correspondente cotización.

Visto o expediente tramitado no seu día a instancia de Don Manuel Centrón González, veciño de San Cristovo, sobre a actividade de taller para a reparación de maquinaria agrícola, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda que polo Sr. Aparellador Municipal se emita informe a cerca de se proxecto técnico que se atopa no expediente cumpre as condicións técnicas esixibles segundo as disposicións legais hoxe vixentes.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Coñece a Comisión os seguintes:

Da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, sobre a liquidación da Entidade Servicios Médicos, Compañía de Seguros S.A..

Da Cruz Vermella Española, sobre alimentos para a solidariedade no ano 1993.

Da FEGAMP, sobre as obras para acollerse ó P.I.E.L..

Da Presidencia da Xunta de Galicia, sobre liña de axudas derivada da reforma da Política Agraria Comunitaria.

Informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, sobre os documentos urbanísticos presentados pola Redactora de PERIS e outras figuras, coidando a Comisión de Goberno que se convoque unha xuntanza dos señores Portavoces do Concello e mesmo da Redactora para a análise destes traballos e puntualizacións dos informes do Sr. Aparellador Municipal.

Da Area de Servicios Sociais, sobre prestación desta clase de servicios polas Corporacións Locais.

Do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria, sobre baixas no Imposto de Bens Inmóbles.

Da Academia Galega de Seguridade, sobre normas a termos en conta nas oposicións que se poidan dispoñer para o ingreso nos Corpos de Policía Local.

Convocatoria do Ministerio de Asuntos Sociais para a concesión de axudas e subvencións con cargo á asignación tributaria do Imposto sobre a renda de persoas físicas.

Orde do 19 de Xaneiro de 1993, da Consellería de Cultura e Xuventude, que regula a concesión de axudas para intervención no patrimonio civil de interese cultural.

Partes de cloración de augas nos abastecementos deste Concello de consumo público.

Visto o escrito da Sra. Delegada Provincial da Oficina do Censo Electoral, número 104, de data 10 de Febreiro corrente, sobre a composición das mesas electorais deste Concello e a situación dos locais electorais, a Comisión de Goberno fai as seguintes precisións: en canto ás mesas electorais, e tendo en conta o acordo acadado polo Pleno na súa sesión do día 26 de Novembro de 1992, remitido á Oficina do Censo Electoral o día 30 do mesmo mes co escrito número 2.294, que se estableza a adscripción do núcleo da Franqueirán á Sección Terceira, do Distrito Primeiro, polas razóns que se atopan precisamente no acordo plenario sinalado, para unha maior comodidade dos electores, os cales hoxe teñen que desprazarse a Francelos cando dispoñen de catro mesas electorais en Ribadavia; en canto á situación dos colexios electorais, a Comisión de Goberno amosa a súa conformidade ós que se achegan co devandito escrito da Oficina do Censo Electoral, pero facendo as seguintes precisións: o local de San Cristovo, debe nomearse "Centro Social-Edificio Escolar"; o local de Sampaio debe nomearse "Centro Social-Edificio Escolar"; o local de San Andrés ubícase na CASA RECTORAL DE SAN ANDRES; e o local da Grova ubícase no inmovible de Don Manuel Taboada Bóveda, titular do D.N.I. nº 34.528.249.- Que se dea conta deste acordo á Oficina Provincial do Censo Electoral.

5.- CUESTIONS DE CARACTER ECONOMICO.-

A Comisión de Goberno presta aprobación ás seguintes cuestións de carácter económico:

Subvención ou axuda por importe de 49.479 pesetas para a

adquisición de camisetas e redes de portería para o Ribadavia Atlético; e tamén axuda ou subvención de 148.350 pesetas para a adquisición e reparacións de instalacións no Campo de Fútbol desta Vila, segundo as facturas correspondentes.

Tamén se acorda unha axuda ou subvención por importe de 65.000 pesetas para o Ribadavia Atlético, con destino a fomenta-lo fútbol de base nas categorías infantís e xuvenís.

Préstase aprobación ó aboamento a Construccións Alonso, por importe de 1.000.000 pesetas, a conta da súa factura co gallo da obra levada a cabo na pista cuberta desta Vila, con cargo á subvención recibida da Secretaría Xeral para O Deporte.

Por último, a Comisión de Goberno amosa a súa aprobación á xustificación de fondos entregados no mes de Decembro de 1992 ó Sr. Concelleiro de Cultura para as atencións urxentes de obrigas co gallo dos actos da Campaña de Nadal, que ten o seguinte detalle: total xustificantes aportados, 443.393 pesetas; entrega de fondos, 425.000 pesetas.- Diferencia a contabilizar/entregar, 18.393 pesetas.-

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.-

E sendo as oito e cuarto do serán, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.-